



INFORME DO SERVIZO DE INFRAESTRUTURAS AGRARIAS DE LUGO DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL EN RELACIÓN COA SOLICITUDE PRESENTADA CON DATA 24 DE FEBREIRO DE 2017 POR D. GUILLERMO ÁLVAREZ SARCEDA, EN NOME PROPIO E EN REPRESENTACIÓN DE VARIOS TITULARES DE EXPLOTACIÓN DA PARROQUIA DE RIOMOL (CONCELLO DE CASTROVERDE)

1. ANTECEDENTES

Con data 9 de novembro do 2000 foi presentada unha solicitude de concentración parcelaria ao abeiro da Lei 10/1985, de 14 de agosto, de concentración parcelaria para Galicia, para a parroquia de San Pedro de Riomol, Concello de Castroverde.

A solicitude acompañábase das sinaturas de 35 propietarios, e consta no expediente un informe de veracidade dos datos por parte do Alcalde do Concello de Castroverde, Xosé M^a Arias Fernández.

A zona denominouse Riomol, número 270196.

Foi seleccionada de entre unha importante carteira de solicitudes para levar a cabo algúns dos traballos previos a decreto que contemplaba a normativa vixente nese momento, e que a continuación se relacionan:

- ST 3382: Proxecto de colaboración de servizos técnicos para a redacción do estudo de impacto ambiental da zona de concentración parcelaria de San Pedro de Riomol. Orzamento de adxudicación: 10.785,07 €. Execución 2007, pola empresa AGROCAD, C.B.
- ST 4766: Proxecto de colaboración de servizos técnicos para a realización dos planos parcelarios e altimétricos da zcp de San Pedro de Riomol (Proxecto cofinanciado nun 75 % con fondos FEADER 2007-2013). Orzamento de adxudicación 35.499,99 €, Executado entre os anos 2014-2015 pola empresa SIAL INGENIERÍA, S.L..

No trámite ambiental, cualificouse como sometido a declaración de impacto, que foi publicada polo Anuncio do 8 de novembro de 2012, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, polo que se fai pública a declaración de impacto ambiental da concentración parcelaria de San Pedro de Riomol (Castroverde), publicada no Diario Oficial de Galicia o día 27 de novembro de 2012.

Con data 24 de febreiro de 2017 recíbese neste Servizo de Infraestruturas Agrarias de Lugo unha nova solicitude, esta vez de reestruturación parcelaria de carácter público, amparados na Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia. Acompañan a solicitude 87 sinaturas, das cales 28 pertencen a titulares de explotación identificados co seu código CEA.

2. DATOS XERAIS DA ZONA

A zona a reestruturar está comprendida dentro do termo municipal de Castroverde, máis concretamente na parroquia de San Pedro de Riomol.

O Concello de Castroverde está situado entre a meseta interior e as montañas orientais da provincia de Lugo. A parroquia de Riomol localízase na zona suroriental do concello, xa no límite coa veciña parroquia de Pousada pertencente ó concello de Baleira. Limita tamén polo norte coas parroquias de Masoucos e Barreiros, polo oeste coa de A Pumarega e polo sur coa de Furís e Mirandela; todas elas pertencentes ó concello de Castroverde. A superficie da parroquia é de 627 ha.





En termos urbanísticos, o Concello de Castroverde conta con Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado o 14 de marzo de 2008. Na parroquia de San Pedro de Riomol hai delimitados 3 núcleos rurais tradicionais: Foguentelle, Riomol e Vilacote.

Conta con 2617 habitantes segundo o Padrón Municipal de Habitantes de 2019, 1355 homes e 1262 mulleres, distribuídos 37 parroquias que compoñen o Concello.

Segundo as campañas de saneamento gandeiro do ano 2020, consultadas á data de emisión do presente informe, o Concello de Castroverde conta con 278 establos de vacún e 7.091 animais de >24 meses; o censo total de vacún ascende a 11.149 animais.

No tocante aos pequenos ruminantes, constan 103 estabulacións -moitas delas coincidentes coas explotacións de vacún- cun censo de animais maiores de 24 meses que ascende a 835. O censo total á data de emisión deste informe é de 1128.

Na zona obxecto de estudo, en número de explotacións, a orientación predominante é o vacún tanto de leite como de carne. A solicitude presentada inclúe sinaturas de titulares de explotación identificados polo seu código CEA de explotacións de vacún, xunto con explotacións de pequenos ruminantes.

Para a análise, comprobaranse os códigos CEA das explotacións coa base de datos que dispón o Servizo de Gandería de Lugo para as campañas de saneamento 2020.

3. ANÁLISE DA PARROQUIA DE SAN PEDRO DE RIOMOL

A parroquia de San Pedro de Riomol conta cunha superficie de 627 ha e cunha poboación (INE, 2019) de 112 habitantes, dos cales 64 son homes e 48 mulleres, distribuídos nos lugares de Foguentelle, Riomol e Vilacote.

As sinaturas presentadas correspondese con titulares de explotación de vacún de leite, carne, ovino-cabrán e un de équidos. Descontando os CEAs que figuran repetidos, o desglose por orientacións produtivas é o seguinte:

- Das sinaturas presentadas, 11 correspóndense con explotacións de vacún de leite, o que representa o 100 % das existentes na parroquia.
- No tocante a vacún de carne asinan a solicitude 2 persoas titulares de explotación das 4 que figuran no rexistro. Outra explotación ten vocación produtiva mixta, e tamén asina a solicitude.
- En canto a ovino-cabrán, asinan a solicitude 6 titulares de explotación das 8 que figuran en total, unha delas con subexplotación de vacún tamén. Os censos son inexistentes ou pouco significativos á data de emisión do presente informe agás nun dos casos, cunha explotación que conta con case 100 animais.
- Hai unha sinatura dunha persoa titular de explotación de vacún, actualmente de baixa, que ten tamén a subexplotación de équidos, cun exemplar. Non hai sinaturas de titulares de explotación que consignan outras orientacións produtivas.
- Asinan tamén a solicitude 4 titulares de explotación de distinta parroquia pero con actividade na zona (3 da parroquia de Furís e 1 de Pumarega) e 1 da parroquia de Pousada, Concello de Baleira, co mesmo motivo. Ademais, acompañan a solicitude as sinaturas de 59 propietarios da zona que non contan con explotación ou non consignan CEA.

O desglose anterior totaliza 19 explotacións con código CEA válido, todas elas coincidentes con explotacións existentes nos rexistros oficiais.

En síntese, e á vista dos datos de censos gandeiros, e para continuar co criterio establecido na análise doutras parroquias, consideranse a efectos de avaliación aquelas explotacións incluídas nas campañas de saneamento (vacún de leite e de carne e pequenos ruminantes), pola súa dimensión e posible orientación de mercado,





deixando fora do estudo, por tanto, as orientacións produtivas minoritarias (porcino, apicultura e equino) ou non vinculadas a base territorial.

Táboa 1: Explotacións de vacún

LUGAR	N.º Explotacións totais	N.º Explotacións asinantes	Porcentaxe
Riomol	16	14	87,50 %
Vacún de carne	4	2	50 %
Vacún de leite	11	11	100 %
Mixta	1	1	100 %

Táboa 2: Censos de vacún

Parámetro	Tipoloxía	Censo	Censo explotacións asinantes	Porcentaxe	Variabilidade censo
Censos vacún >24 meses	Riomol	582	560	96,22 %	variación entre 90 a de maior tamaño e 0 a menor
	Vacún de leite	489	489	100 %	variación entre 90 a de maior tamaño e 0 a menor
	Vacún de carne	44	22	50 %	variación entre 13 a de maior tamaño e 2 a menor
	Mixta	49	49	100 %	Só unha explotación
Censos totais	Riomol	915	876	95,74 %	variación entre 132 a de maior tamaño e 3 a menor
	Vacún de leite	755	755	100 %	variación entre 132a de maior tamaño e 6 a menor
	Vacún de carne	75	36	48 %	variación entre 36 a de maior tamaño e 3 a menor
	Mixta	85	85	100 %	Só unha explotación

Táboa 3: Explotacións de pequenos rumiantes

LUGAR	N.º Explotacións totais	N.º Explotacións asinantes	Porcentaxe
Riomol	8	6	75 %

Táboa 4: censos de pequenos rumiantes >24 meses (carne)

LUGAR	Censo total	Censo explotacións asinantes	Porcentaxe	Variabilidade de censo
Riomol	101	94	93 %	Censos non significativos agás unha explotación con 72 animais maiores de 24 meses

En síntese, a ampla maioría de titulares de explotacións gandeiras de vacún e pequenos ruminantes amosan o seu interese en iniciar un procedemento de reestruturación parcelaria.





4. CARGAS GANDEIRAS


Analízase a continuación a carga gandeira referida ao gando vacún, así como o número de explotacións que contan con máis de 10 cabezas, para filtrar aquelas que teñen unha orientación máis adicada ao autoconsumo ou testemuñal.

Considerase 0,4 UGM para os animais de 1-12 meses e 0,6 UGM os animais de 12-24 meses

Parroquia	Superficie (ha)	Explotacións >10 cabezas	Reprodutores	12-24 meses	0-12 mese	UGM	UGM/ha
Riomol	627	14	580	144	182	739,2	1,18


Os datos anteriores amosan que a carga gandeira está en torno a 1,2 UGM/ha. Se ben é certo que para unha correcta interpretación dos datos, non se debe considerar a superficie total da parroquia posto que existen outros usos distintos dos terreos agrícolas (forestal, urbano, mato) que non están sendo obxecto de aproveitamento para a actividade agrícola e gandeira, así como outros que en virtude dos informes e consideracións da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental son propostos para a exclusión do proceso de reestruturación, terreos que se corresponden coa parte sureste da parroquia, na que se atopa unha importante superficie de hábitats de interese, fundamentalmente as carballeiras de *Quercus robur*, soutos de castiñeiros, vexetación riparia e breixeiras secas europeas (4030), ascendendo a superficie a excluír aproximadamente ás 115 ha, o deixaría unha superficie de actuación en torno ás 500 ha das que algo máis da metade teñen a consideración de agrícola. As cargas gandeiras polo tanto ascenden, chegando a superar amplamente as 2 UGM/ha recomendadas se consideramos unicamente a superficie que actualmente está sendo obxecto de aproveitamento forraxeiro ou de pastoreo.

A seguinte imaxe (**Imaxe 1**) recolle os usos do solo da parroquia, segundo o disposto no SIOSE (Sistema de Información sobre Ocupación del Suelo de España)






A continuación, a **Imaxe 2** recolle o parcelario existente sobre ortofotografía, de elaboración propia.



5. EXPERIENCIAS PREVIAS DE REORGANIZACIÓN DA PROPIEDAD

No Concello de Castroverde levouse a cabo 1 proceso de concentración parcelaria:



Nome	Montecubeiro
N.º zona	270111580
Tipoloxía	Pública
Superficie (ha)	2338
Propietarios	341
Parcelas	6594
Fincas	943

Imaxe 3: as zonas marcadas en cor verde correspondense coas zonas concentradas (Fonte:web)





6. CONSULTA ABERTA A TODAS AS PERSOAS INTERESADAS

Co fin de dar cumprimento o artigo 7.4 da *Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria*, A Consellería do Medio Rural publicou unha consulta aberta a todas as persoas físicas ou xurídicas interesada coa finalidade de coñecer a súa opinión sobre a iniciativa e propostas de mellora.

Para tal fin, con data 6 de xullo de 2020 realizouse unha publicación na páxina web da Consellería de Medio Rural e habilitouse un enderezo web (infraestruturas.agrarias.lugo@xunta.gal) para que, durante un prazo de 15 días hábiles calquera persoa puidera manifestar o que tivera por conveniente sobre o particular.

O dito prazo finalizou o día 24 de xullo de 2020, sen que ata a data se teña recibido suxestión, queixa ou proposta para ser incluída no presente informe.

7. CONCLUSIÓN

Dos datos avaliados pódese deducir que a reestruturación parcelaria é desexada pola ampla maioría dos titulares de explotacións de vacún - sexan estas de leite ou de carne - e pequenos ruminantes, orientacións principais. O feito de que asinaran persoas titulares de explotacións doutras vocacións produtivas, practicamente testemuñais na meirande parte dos casos, así como persoas propietarias de fincas rústicas e persoas titulares de explotacións en parroquias lindeiras non fai senon reforzar o grao de aceptación social co que - a priori - contaría un proceso deste tipo.

Sería preciso unha análise mais exhaustiva dos territorios a concentrar, vinculación e relación entre as parroquias, usos, etc. co fin de determinar a idoneidade de reestruturar as zonas solicitadas en conxunto ou de xeito individual.

A xefa do Servizo de Infraestruturas Agrarias de Lugo
María Pérez Folgueira
(Asinado dixitalmente)

